

CIRCULAR 3/2005, DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSEINANZAS ESPECIAIS, POLA QUE SE ESTABECE O CALENDARIO DAS PROBAS UNIFICADAS DO CICLO ELEMENTAL PARA O ALUMNADO LIBRE E AS PROBAS DE NIVEL DAS ENSEINANZAS DE IDIOMAS DE RÉXIME ESPECIAL PARA O CURSO 2005/2006.

A Orde do 5 de maio de 2004 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2004/2005 nos centros escolares sostidos con fondos públicos, no artigo 14º referido ás probas finais nas ensinanzas de réxime especial, establece que as Escolas Oficiais de Idiomas realizarán as probas finais do alumnado oficial e libre a partir do día 6 de xuño de 2005.

No punto 14º de circular 1/2004 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regulan as probas de nivel de coñecemento de idiomas nas Escolas Oficiais de Idiomas, establécese que a proba de nivel de cada idioma terá lugar nas Escolas Oficiais de Idiomas nos horarios e datas que cada ano determine a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

A tal fin e de conformidade co establecido, esta Dirección Xeral dita as seguintes instrucións:

PRIMEIRA.- Probas unificadas de ciclo elemental para alumnado libre

1. Prazo de matrícula

No punto 17.4 da circular 9/2004 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se regula o procedemento de admisión e a avaliación do alumnado nas Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia, establece que o prazo de matrícula do alumnado libre será do 15 de febreiro ao 5 de marzo.

Dado que neste curso 2004/2005 o remate do prazo é en sábado e os centros permanecen pechados, esta Dirección Xeral autoriza prorrogar a inscrición ata o luns 7 de marzo inclusive.

2. Calendario das probas

Convocatoria de xuño

PARTE ESCRITA

6 xuño, luns:	INGLÉS: 9.30 PORTUGUÉS: 16.00
7 xuño, martes:	FRANCÉS: 9.30 ITALIANO: 16.00
8 xuño, mércores:	ALEMÁN: 9.30 GALEGO: 16.00
9 xuño, xoves:	ESPAÑOL: 9.30

PARTE ORAL

10 xuño, venres:	PORTUGUÉS: 9.30 INGLÉS: 16.00
13 xuño, luns:	ITALIANO: 9.30 FRANCÉS: 16.00
14 xuño, martes:	GALEGO: 9.30 ESPAÑOL: 12.00 ALEMÁN: 16.00

Convocatoria extraordinaria de setembro 2005

PARTE ESCRITA

2 setembro, venres:	INGLÉS: 9.30 PORTUGUÉS: 16.00
5 setembro, luns:	FRANCÉS: 9.30 ITALIANO: 16.00
6 setembro, martes:	ALEMÁN: 9.30 GALEGO: 16.00
7 setembro, mércores:	ESPAÑOL: 9.30

PARTE ORAL

8 setembro, xoves:	PORTUGUÉS: 9.30 INGLÉS: 16.00
9 setembro, venres:	ITALIANO: 9.30 FRANCÉS: 16.00
12 setembro, luns:	GALEGO: 9.30 ESPAÑOL: 12.00 ALEMÁN: 16.00

3. As datas dos exames para Árabe e Ruso serán establecidas pola xefatura de estudos da Escola Oficial de Idiomas da Coruña.

SEGUNDA.- Probas unificadas de nivel

1. Prazo de matrícula

As datas de inscrición nas probas serán do 4 ao 11 de maio, ambos os dous inclusive.

2. Calendario das probas

23 maio 2005

GALEGO + ESPAÑOL: 9.30-11.30
ÁRABE: 11.45-13.45

ITALIANO: 16.00-18.00
INGLÉS: 18.15-20.15

24 maio 2005

RUSO: 9.30-11.30
ALEMÁN: 11.45-13.45

PORTUGUÉS: 16.00-18.00
FRANCÉS: 18.15-20.15

3. Previa solicitude e autorización dos Delegados provinciais e con carácter excepcional, poderase variar o horario escolar naquelas franxas horarias nas que a necesidade de espazos e profesorado o fixesen necesario para o correcto desenvolvemento das probas.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2005
A Directora Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especias

Asdo.: María Luisa Castro Casas